

Os fillos do mar

Trata de localizar na cartografía dixital da cidade na Ikimap os seguintes momentos da acción da novela “Os fillos do mar” de Pedro Feijoó que transcorre en espazos da cidade de Vigo

Referencia 1. “Parecía unha especie de torre, chantada senlleira a carón do miradoiro sobre a ría, e fora construído no ano 1881, nun predio en caída entre as *rúas Elduayen e Poboadores*”

Referencia 2. “Así que aló estaba eu, chantado no *cemiterio de Pereiró*, o vello camposanto da cidade, aos pés do monumento a Concepción Arenal”

Referencia 3. “Así, non debían ser aínda nin as cinco menos cuarto, e eu xa estaba atravesando a *Porta do Sol*. A esas horas aínda non había moito transeúnte ávido de consumismo voraz polas tendas que ateigan a rúa do Príncipe”

Referencia 4. “... e demos por bo o primeiro café que se cruzou nas nosas vidas, que no resultou ser outro có *Nuevo Derby*” ... “Era o vello colgador do Café Goya, nesta mesma rúa, pero un pouco máis abaixo, do outro lado.”

Referencia 5. “A esta horas, as luces do *Toys'r'us* que abre Jacinto Benavente xa están apagadas, e a rúa xa só é amiga das putas que a van roldando, dos seus chulos e daqueloutros que ao longo da noite veñan mercar un pouco de amor exprés”.

Referencia 6. “Pasamos o *teatro García Barbón* e continuamos até o cruzamento con Velázquez Moreno, onde xiramos á esquerda para baixar cara á Alameda.

Referencia 7. “Xusto antes de chegar a Policarpo Sanz, apenas a uns metros, decidín xirar bruscamente á miña dereita, e turrei de Mariña pola *calella dos Canos*.”

Referencia 8. “Na esquina de Gran Vía con Urzáiz, a súa cima coroábaa unha imponente reprodución da *Vitoria de Samotracia* que, aínda hoxe, lles dá maxestosa a benvida aos viaxeiros que chegan desde a estación de tren pola rúa Lepanto”.

Referencia 9. “León e máis eu vivimos no barrio de Poboadores, nun soto no número 3 da Baixada ao Forte. Todos os días, cando regresamos a porto, paramos un intre *no Lobo do Mar*, o bar da señora Olga.”

Referencia 10. Acompañei a miña amiga até o seu portal, e logo seguín camiñando por Gran Vía arriba. Torcín á dereita ao chegar *á rúa Venezuela*, e logo de pasar por diante da monstrosidade que a torre do Concello é, baixei de volta ao Paseo de Alfonso.”